

ACLARACIÓNS AOS CURSOS

1. As actividades de formación permanente van dirixidas ao profesorado e persoal docente especializado que desempeña a súa función en centros sostidos con fondos públicos, dentro do ámbito de xestión da Consellería de Educación e O. U. nos cales se impartan ensinanzas de réxime xeral e de réxime especial e en servizos técnicos de apoio ao profesorado.
2. Atendendo a legislación vixente, resérvanse un 30% de prazas para persoas que nunca traballaron no ámbito de xestión da Consellería de Educación e O. U.
3. A participación nunha actividade de formación supón a aceptación do seu deseño, sen perxuízo dos procesos de mellora que se poidan introducir durante o seu desenvolvemento.
4. A admisión aos cursos farase de maneira individual, de acordo aos criterios que se especifican ate completar o número máximo de alumnos admitidos por curso:
 - 2.1.- Afiliados de Anpe
 - 2.2.- Resto de persoal docente
 - 2.3.- Resto de profesorado
5. Non poderá participar en actividades de formación permanente o persoal docente en situación de baixa por incapacidade laboral transitoria.
6. O profesorado admitido en máis de dúas actividades de formación a distancia que se realicen simultaneamente só poderá participar en dúas delas.
7. En cada actividade de formación haberá alomenos, un titor que será o encargado de supervisar e informar do itinerario de formación proposto, verificar a realización de tódalas actividades formuladas, avaliar e cualificar os traballos de avaliación previstos, así como resolver as dúbidas e consultas das persoas participantes.
8. Segundo orde oficial da Consellería de Educación e O.U. do 1 de marzo de 2007, nas actividades de formación a distancia a entidade organizadora controlará os rexistros de conexións ao sistema de cada participante así como as estadísticas de seguimento do uso do control virtual.